

PREMIO DO VIII CONCURSO DE TUI TS CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO 2019 CONCELLO DE LALÍN

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lalín, na sesión celebrada o 7 de outubro de 2019, aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do premio do **VIII Concurso de Tuits contra a violencia de xénero 2019** (publicado o seu texto íntegro no BOP nº 196 de 11/10/2019 e o extracto da convocatoria no BOP nº 199 de 16/10/2019), organizado a través da Oficina de Igualdade coa finalidade de incrementar a concienciación e sensibilidade da sociedade ante esta gran lacra social.

Reunido o xurado o día 13 de novembro de 2019 **acorda**, tras unha meditada deliberación entre os 20 tuits presentados, **propoñer a concesión do premio (segundo as bases reguladoras do concurso) á seguinte autoría:**

1º premio (Tablet Android 32 GB 10,1" e diploma acreditativo):
[@claraaafdez](#) **5 nov. Son a semente da árbore que cortaches. Medrarei libre nun souto de igualdade. #lalínsenviolencia**

*(segundo o disposto na base 2, a identificación persoal da autoría do tuit realizouse unha vez emitida a resolución do xurado, correspondendo a **Clara Arias Fernández, de Lalín**)*

O fallo do xurado recolleuse en acta e foi levado á Xunta de Goberno Local, o día 18 de novembro de 2019, para a aprobación da concesión dos premios.

O acto de entrega terá lugar o domingo 24 de novembro ás 18:00 h. no Vestíbulo do Concello.

Lalín 18 de novembro de 2019

1

